



A [Fundación Curros Enríquez](#) , a [Facultade de Ciencias da Comunicación](#) , o [Colexio de Xornalistas](#) e a [Asociación da Periodistas de Santiago](#) presentan o Premio de Xornalismo “Adiante-forward”, destinado a xornalistas de menos de 30 anos.

O premio, patrocinado por unha familia de emigrantes de Celanova residentes en Florida (EEUU), consiste na concesión dunha bolsa de 3.000 euros destinada a completar formación mediante cursos específicos, realización de practicas en medios de referencia ou desenvolvemento dalgún proxecto editorial.

Convoca: Fundación Curros Enríquez

Lugar: Sala de Xunta do Decanato da Facultade de Ciencias da Comunicación (Santiago de Compostela)

Data: Xoves, 3 de setembro

Hora: 11,00 horas

Tema: Presentación do Premio de Xornalismo "Adiante-forward", destinado a xornalistas de menos de 30 anos

Participan:

- José Luís Ferro Iglesias
Presidente da Fundación Curros Enríquez e Alcalde de Celanova
- Xosé Ramón Pousa
Decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC
- Xosé Manuel Pereiro
Decano do Colexio de Xornalistas de Galicia
- Luís Menéndez
Presidente da Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela
- Delfín Cid e Frank Cid
Patrocinadores do Premio de Xornalismo
- Antonio Piñeiro
Secretario da Fundación Curros Enríquez

Observacións:

Conscientes do permanente estado de mudanza no que vive a profesión xornalística, así como das dificultades que os novos xornalistas teñen para acceder ó mercado laboral logo de rematar a primeira fase (é dicir, a universitaria) do seu proceso formativo...

Conscientes, así mesmo, das serias dificultades que os profesionais que empezan a desenvolver o seu labor en calquera soporte informativo teñen para poderen chegar ó receptor da información con nome propio...

Conscientes finalmente, de que aínda que existen multitude de concursos, recoñecementos e galardóns xornalísticos, a práctica totalidade deles están pensados para xornalistas que contan cunha ampla traxectoria profesional e cunha firma en moitos casos xa recoñecida ó ser avalada por anos de experiencia...

Tendo en conta tamén que Curros Enríquez empezou a relacionarse co xornalismo a unha idade moi nova e mesmo a traballar en Madrid no xornal "El Imparcial", gracias a un concurso

convocado por ese xornal, que lle permitiu logo desenvolver a súa traxectoria vital dedicada ó xornalismo...

E contando, finalmente, co patrocinio da familia Cid e coa colaboración do Concello de Celanova, a Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, a Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Centro Pen de Escritores de Galicia, a Fundación Curros Enríquez decidiu crear o Premio de Xornalismo "Adiante-forward" para xornalistas de menos de 30 anos.

Temática proposta para esta primeira edición:

- O despoboamento de Galicia e as súas consecuencias económicas: Cómo revertir a tendencia para non termos que volver emigrar
-